




Produto interior bruto

Tal e como se reflicte na nota informativa do INE do pasado 16.09.2019, a metodoloxía utilizada para o cálculo do PIB de España alterouse a partir do segundo trimestre do ano (pódese consultar máis información ao respecto [neste enlace](#)). Os prezos de volume encadeados pasan a ter como referencia o ano 2015, en vez do 2010 como se estaba a facer ata agora. En termos xerais, a nova metodoloxía reduce lixeiramente os valores do PIB facilitados ata agora -a gráfica amosa como a nova metodoloxía incrementa os valores do PIB para o ano 2015 e redúceos para os anos posteriores-. No que atinxe ao segundo trimestre de 2019, nel se incrementou o PIB un 0,4% fronte ao primeiro trimestre, o que leva o incremento interanual ata o 2,0% e representa un descenso de dúas décimas respecto ao último valor do PIB interanual.

O cambio de metodoloxía mencionado no parágrafo anterior dificulta facer unha comparativa con respecto ao PIB galego, dado que o IGE non realizou un cambio paralelo na súa metodoloxía. No segundo trimestre de 2019 o PIB galego incrementouse en tres décimas, o que leva o valor da taxa de variación interanual ao 2,0%, dato que supón un descenso de tres décimas respecto da taxa interanual rexistrada no primeiro trimestre de 2019.



En todo caso, podemos observar que o comportamento do PIB tanto para España como para Galicia dos últimos trimestres apunta a unha desaceleración do crecemento do PIB, con últimos valores para a variación interanual do 2,0% e tendencias descendentes en ambos casos.

Poboación activa, paro rexistrado, contratación e afiliación á Seguridade Social

No terceiro trimestre de 2019, a Enquisa de Poboación Activa (EPA) sinala que a poboación activa de Galicia mantívose constante nos últimos 12 meses (unha redución de -300 persoas, por baixo do marxe de erro estatístico da Enquisa). Respecto do trimestre pasado, a poboación activa medrou en 10.000 persoas (un 0,8% máis). A poboación activa española incrementouse nos últimos 12 meses en 234.700 persoas (un 1% máis).

Os datos da EPA sobre ocupación amosan unha tendencia máis positiva. Así, o número de ocupados incrementouse en 9.200 persoas respecto do 3º trimestre de 2018 (6.900 respecto do trimestre anterior). Deste xeito, o número de galegos e galegas ocupados alcanza o 1.105.700, dato que leva a taxa de ocupación ata o 47,3% co que, aínda que lentamente, segue a aproximarse á media nacional, que neste trimestre fica no 50,5%. Con todo, o crecemento na taxa de ocupación nestes 12 meses é máis cativo que o rexistrado nos 12 meses anteriores. A foto fixa do crecemento da ocupación por comunidades autónomas amosa unha clara división xeográfica ao peche do trimestre, con todas as comunidades ao noroeste (chegando ata o País Vasco cara o leste e Castela-León cara o sur) máis as illas crecendo por baixo do 1% interanual, e o resto das comunidades facéndoo por riba do 2%.

Para rematar co análise da EPA, o número de galegos e galegas en paro no trimestre foi de 143.500, cunha redución interanual de -9.500 persoas e un incremento de 3.100 persoas respecto do trimestre anterior. Así, a EPA fixa a taxa de paro en Galicia nun 11,5% da poboación activa. Esta taxa é inferior en -2,4 puntos porcentuais á rexistrada no conxunto de España e supera en 0,2 puntos porcentuais á rexistrada no trimestre anterior.

Valores Poboación Activa Galicia-España, 3º Trimestre 2019

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferencia	Porcentaxe	Diferencia	Porcentaxe
Galicia	1.249,2	10,0	0,8	-0,3	0,0
España	23.088,7	53,2	0,2	234,7	1,0

Fonte: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

O paro rexistrado incrementouse en 1.735 persoas durante o terceiro trimestre, cos tres meses do intervalo presentando o seu peor comportamento dos últimos anos. A variación do desemprego en termos interanuais segue a indicar un descenso do paro rexistrado, pero xa non é constante, senón que, en termos porcentuais, apréciase que este descenso é cada vez menor, de xeito que estaba por baixo do 9% en xuño, do 8% en xullo, do 7% en agosto e do 6% en setembro.

Unha observación máis polo miúdo dos datos indica que a redución interanual do paro rexistrado foi máis intensa entre os homes, con reducións ao redor de 1,5 puntos porcentuais maiores que para as mulleres. Por sectores de actividade, os sectores agrícola, pesqueiro e da construción foron os que amosaron un mellor comportamento, con descensos do paro rexistrado nos tres meses, seguidos da industria e os e o de persoas sen emprego anterior. En termos intermensuais, o terceiro trimestre amosou destrución de emprego no sector servizos, feito que non se tiña rexistrado desde o

ano 2011. Porén, en termos interanuais rexistrouse descenso do paro en todos os sectores. A construción o fixo os tres meses do trimestre por riba do 10% seguido do grupo de persoas sen emprego anterior, que o fixo por riba do 9%. O sector con peor comportamento foi o dos servizos, cunha redución que só en xullo conseguiu ficar por riba do 5%.

Xa para rematar, e aínda que o grupo de persoas traballadoras de 45 ou máis anos foi o que tivo mellor comportamento en agosto e setembro, tamén é o grupo no que menos descendeu o paro en termos interanuais (descensos entre o -3% e o -5% fronte a descensos de entre -7,5% e -10,5% no resto de grupos de idade).

Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 3º Trimestre 2019

3T2019	Mes actual			variación mes anterior			%variación mes anterior			variación mes ano anterior			%variación mes ano anterior		
	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro
TOTAL	150.921	153.820	156.984	-4.328	2.899	3.164	-2,8%	1,9%	2,1%	-12.491	-10.604	-9.336	-7,6%	-6,4%	-5,6%
Homes	62.290	63.337	64.594	-2.608	1.047	1.257	-4,0%	1,7%	2,0%	-5.788	-4.908	-4.090	-8,5%	-7,2%	-6,0%
Mulleres	88.631	90.483	92.390	-1.720	1.852	1.907	-1,9%	2,1%	2,1%	-6.703	-5.696	-5.246	-7,0%	-5,9%	-5,4%
<30 anos	17.638	18.526	19.753	-1.198	888	1.227	-6,4%	5,0%	6,6%	-2.058	-1.813	-1.640	-10,4%	-8,9%	-7,7%
entre 30 e 44 anos	49.137	50.135	51.008	-1.327	998	873	-2,6%	2,0%	1,7%	-5.873	-5.469	-5.101	-10,7%	-9,8%	-9,1%
>44 anos	84.146	85.159	86.223	-1.803	1.013	1.064	-2,1%	1,2%	1,2%	-4.560	-3.322	-2.595	-5,1%	-3,8%	-2,9%
Agricultura e Pesca	5.120	5.022	4.979	-456	-98	-43	-8,2%	-1,9%	-0,9%	-460	-599	-282	-8,2%	-10,7%	-5,4%
Industria	17.107	17.394	17.561	-468	287	167	-2,7%	1,7%	1,0%	-1.196	-1.359	-1.172	-6,5%	-7,2%	-6,3%
Construción	12.303	12.344	12.363	-443	41	19	-3,5%	0,3%	0,2%	-2.265	-1.877	-1.615	-15,5%	-13,2%	-11,6%
Servizos	102.958	105.630	108.477	-2.749	2.672	2.847	-2,6%	2,6%	2,7%	-7.004	-5.376	-4.842	-6,4%	-4,8%	-4,3%
Sen emprego anterior	13.433	13.430	13.604	-212	-3	174	-1,6%	0,0%	1,3%	-1.566	-1.393	-1.425	-10,4%	-9,4%	-9,5%

Fonte: Boletín mensual de paro rexistrado, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Xunta de Galicia

No que atinxe á contratación, no terceiro trimestre do ano asináronse 321.462 novos contratos en Galicia, que supoñen un incremento do 15,7% fronte ao segundo trimestre, e dun 2% respecto do terceiro trimestre de 2018. En comparación co trimestre anterior, o incremento de contratos asinados apréciase en todos os sectores de actividade excepto na construción, destacando o incremento na agricultura (70,6% máis).

No que se refire ao tipo de contrato asinado, os contratos temporais foron os únicos que aumentaron respecto ao terceiro trimestre de 2018. Cómpre subliñar que naquel trimestre, a contratación indefinida se incrementara en máis dun 33% respecto do segundo trimestre do ano, mentres que nesta ocasión ese tipo de contrato reduciuse nun -11% respecto do mesmo trimestre do ano anterior. Porén, en termos intertrimestrais, a contratación indefinida incrementouse nos dous casos (7,2% en 2018 e 3,3% en 2019).

Para finalizar o análise da contratación co relativo á tendencia de contratación por sexos, o comportamento tanto en termos intertrimestrais como interanuais foi bastante equilibrado, con incrementos porcentuais da contratación moi similares tanto para homes como para mulleres. Con todo, no terceiro trimestre de 2019 asináronse un 5% máis novos contratos para homes que para mulleres.

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 3º Trimestre 2019

3T2019	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	%Var. trimestre anterior	Var. trimestre año anterior	%Var. trimestre año anterior
	321.462	43.508	15,7%	6.359	2,0%
Homes	168.798	23.006	15,8%	3.666	2,2%
Mulleres	152.664	20.502	15,5%	2.693	1,8%
<30 anos	113.162	21.644	23,6%	4.358	4,0%
entre 30 e 44 anos	125.552	11.435	10,0%	-2.083	-1,6%
>44 anos	82.748	10.429	14,4%	4.084	5,2%
Indefinido	23.568	746	3,3%	-2.950	-11,1%
Temporal	293.195	41.460	16,5%	9.913	3,5%
Prácticas / Formación	2.078	771	59,0%	-405	-16,3%
Otros	2.621	531	25,4%	-199	-7,1%
Agricultura e Pesca	12.427	5.141	70,6%	937	8,2%
Industria	41.978	4.529	12,1%	-1.612	-3,7%
Construción	11.602	-461	-3,8%	-331	-2,8%
Servizos	255.455	34.299	15,5%	7.365	3,0%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación , Consellería de Economía, Emprego e Industria

Segundo os datos da Tesourería Xeral da Seguridade Social, a 30.09.2019 había en Galicia 4.354 máis persoas afiliadas á Seguridade Social que ao remate do trimestre anterior (un 0,4% máis), o que contrasta co sucedido en España, onde a afiliación reduciuse nun -1% nese período, debido á habitual redución da afiliación rexistrada nos meses de agosto a nivel estatal.

Na comparativa coa situación no mesmo período en anos anteriores, segue a rexistrarse incremento na afiliación tanto a nivel estatal como galego, se ben o ritmo do crecemento é un pouco menos intenso no 2019, uon incremento ao redor do 2,5% en España e do 1,5% en Galicia. Dado que esta redución do ritmo de crecemento da afiliación é maior en Galicia, o diferencial porcentual está a medrar, o que se reflicte na citada diferenza dun punto porcentual entre Galicia e o conxunto do Estado. Tal e como ven sendo habitual, as comunidades autónomas do noroeste son as que menor incremento de afiliación rexistran, de xeito que o ritmo de crecemento da afiliación de Galicia tan só supera ao peche do trimestre ao de Asturias, Cantabria, Castela-León e Extremadura.

Datos de afiliación á Seguridade Social. Galicia-España, 3º Trimestre 2019

	Afiliacións media 3º Trim 2019			Variacións											
				mes anterior						interanual					
	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro
Galicia	1.037.482	1.036.900	1.029.547	12.289	-582	-7.353	1,20%	-0,06%	-0,71%	15.936	16.513	15.659	1,56%	1,62%	1,54%
España	19.533.211	19.320.227	19.323.451	15.514	-212.984	3.224	0,08%	-1,09%	0,02%	490.401	480.413	460.738	2,58%	2,55%	2,44%

Fonte: IGE Informe de afiliación á Seguridade Social (segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridad Social)

Sinistralidade

No primeiro semestre de 2019 os accidentes laborais con baixa incrementáronse o 3,7% respecto do primeiro semestre de 2018. Todos os tipos de accidentes rexistraron incremento no semestre e foron os mortais os que amosaron maior crecemento, con 3 accidentes mortais máis que no primeiro semestre do ano pasado.

Por sectores de actividade, e aínda que en todos os sectores salvo o da pesca víronse incrementados, o da construción rexistrou o incremento máis acusado de accidentes neste semestre, por riba do 23% nos leves (nos graves e mortais, pola contra, os accidentes se reduciron neste sector) En accidentes graves destaca o incremento do 29% no sector servizos, así como o mal dato de accidentes mortais na industria (cinco persoas traballadoras falecidas na industria fronte a unha no primeiro semestre de 2018) e do propio sector servizos, cun incremento de accidentes mortais do 37,5%.

Accidentes con baixa en xornada laboral por sectores de actividade en Galicia (Xaneiro-Xuño 2018 / 2019)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2018	2019	% Var	2018	2019	% Var	2018	2019	% Var	2017	2018	% Var
Agricultura	552	586	6,2	32	30	-6,3	2	3	50,0	586	619	5,6
Pesca	472	450	-4,7	20	22	10,0	1	0	-100,0	493	472	-4,3
Industria	4.228	4.285	1,3	51	48	-5,9	1	5	400,0	4.280	4.338	1,4
Construción	1.581	1.951	23,4	50	48	-4,0	8	4	-50,0	1.639	2.003	22,2
Servizos	6.302	6.345	0,7	69	89	29,0	8	11	37,5	6.379	6.445	1,0
Total	13.135	13.617	3,7	222	237	6,8	20	23	15,0	13.377	13.877	3,7

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

Pola conta, os índices de incidencia amosan redución da sinistralidade para os accidentes graves (o -12,4%) e mesmo, aínda que en moi pequena medida, para os leves, nestes últimos con descensos en todos os sectores de actividade. O índice de incidencia dos accidentes mortais aumentou en case o 13%

Índice de incidencia por sectores de actividade e gravidade. Galicia (Xaneiro-Xuño 2018/2019)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2018	2019	% Var	2018	2019	% Var	2018	2019	% Var	2018	2019	% Var
Agricultura	1.785,5	1.718,8	-3,7	103,5	88,0	-15,0	6,5	8,8	36,0	1.895,5	1.815,6	-4,2
Pesca	2.559,9	2.459,3	-3,9	108,5	120,2	10,8	5,4	0,0	-100,0	2.673,8	2.579,5	-3,5
Industria	3.228,4	2.952,5	-8,5	38,9	33,1	-15,1	0,8	3,5	353,9	3.268,1	2.989,0	-8,5
Construción	3.044,7	2.511,6	-17,5	95,3	61,8	-35,2	15,4	5,2	-66,6	3.155,4	2.578,5	-18,3
Servizos	1.073,7	876,8	-18,3	11,8	12,3	4,6	1,4	1,5	11,8	1.086,8	890,6	-18,1
Total	1.603,5	1.363,2	-0,6	27,1	23,7	-12,4	5,3	3,9	12,8	1.633,0	1.389,3	-14,9

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

Conflitividade

Segundo os datos provisionais facilitados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social referidos aos sete primeiros meses do ano, en Galicia leváronse a cabo 51 folgas, o que supón un incremento dun 50% fronte ás rexistradas no mesmo período do ano anterior. Se nos fixamos na repercusión destes conflitos en función das persoas traballadoras que participaron neles, vemos que tamén se produciu un incremento, neste caso un 34,2%. Porén, esta tendencia ascendente non se observa no número de xornadas non traballadas, que se reduciu nun -26,9% con respecto ao rexistrado no período de referencia en 2018. A nivel estatal, a conflitividade aumentou tomando como referencia o número de folgas e de xornadas non traballadas, nos dous casos con incrementos próximos ao 20%, pero non o fixo respecto das persoas traballadoras participantes, as cales se reduciron preto dun -15%.

Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas Galicia-España Xaneiro-Xullo 2019

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	51	17	11.190	2.851	25.312	-6.177
España	543	107	169.997	-28.410	504.667	91.092

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social

(datos provisionais - non inclúen folgas xerais)

Expedientes de regulación de emprego

Os últimos datos dispoñibles para consulta na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria sobre Expedientes de regulación de emprego corresponden ao mes de febreiro de 2019 e amosan una redución superior ao -15% no número de ERE, que se observa para os distintos tipos de expediente, coa excepción dos de despedimento colectivo. Por sectores de actividade, ningún sector amosou incremento do número de ERE respecto ao mesmo período de 2018, con reducións naqueles sectores que as rexistraron entre o -14% e o -20%.

O número de persoas traballadoras afectadas por ERE incrementouse en máis do dobre respecto do período de referencia do ano anterior, e o fixo principalmente a causa dos expedientes de suspensión de contratos, nos que o impacto no emprego multiplicouse por seis. O incremento de persoas traballadoras afectadas rexistrouse nos dous sexos e, se ben os homes supuxeron preto do 58% de traballadores afectados por un ERE, o incremento respecto a xaneiro e febreiro de 2018 foi moito maior entre as mulleres traballadoras, cun incremento rexistrado do 712,1% fronte ao incremento do 74,5% entre os homes.

Expedientes de regulación de emprego segundo a medida e o sector de actividade. Galicia, Xaneiro-Febrero 2018-2019

	Despedimentos colectivos			Suspensións de contratos			Reducións de xornada			Totais		
	2018	2019	%Var.	2018	2019	%Var.	2018	2019	%Var.	2018	2019	%Var.
Agricultura	0	0	0,0%	0	0	0,0%	0	0	0,0%	0	0	-----
Pesca	1	0	-100,0%	4	4	0,0%	0	0	0,0%	5	4	-20,0%
Industria	2	2	0,0%	4	3	-25,0%	1	1	0,0%	7	6	-14,3%
Construción	0	1	-----	1	0	-100,0%	0	0	-----	1	1	0,0%
Servizos	4	5	25,0%	5	5	0,0%	10	6	-40,0%	19	16	-15,8%
TOTAL	7	8	14,3%	14	12	-14,3%	11	7	-36,4%	32	27	-15,6%

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Secretaría Xeral de Emprego

Custos laborais e salariais

O valor medio do custo laboral por persoa traballadora e mes incrementouse nun 4,3% en termos interanuais no segundo trimestre. segundo a *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* do INE, acadando un total de 2.400,3€. O valor medio do custo salarial, pola súa banda, aumentou ata os 1.777,0€, o que supón un incremento do 4,6% nos últimos 12 meses. Estes incrementos fan de Galicia a comunidade autónoma na que medraron máis os custos tanto laborais como salariais no último ano.

En canto aos custos por hora efectiva, no segundo trimestre de 2018 rexistráronse incrementos aínda maiores con respecto ao primeiro trimestre, posto que ao efecto dos incrementos xa mencionados hai que engadir o efecto de que a Semana Santa transcorra neste trimestre. Con todo, os incrementos de custo laboral e salarial por hora efectiva tamén foron os maiores que se rexistraron entre comunidades autónomas, superando a media estatal entre 3 e 4 puntos porcentuais, respectivamente.

Custos laborais e salariais. Galicia. 2013-2019

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.
2013	2.260,2	2,4	-----	-----	1.656,0	2,3	-----	-----
2014	2.261,4	0,0	-----	-----	1.654,0	0,0	-----	-----
2015	2.246,2	-0,7	17,2	0,3	1.649,0	-0,3	12,6	0,8
2016	2.248,3	0,1	17,4	1,3	1.655,0	0,4	12,8	1,5
2017	2.288,9	1,8	17,7	1,4	1.687,4	1,4	13,0	1,6
2018	2.313,2	1,1	17,9	1,3	1.711,5	1,4	13,1	0,8
1T15	2.175,0	0,2	16,1	1,8	1.582,0	0,6	11,7	2,4
2T15	2.249,0	-2,1	16,7	-2,2	1.635,8	-2,2	12,2	-2,2
3T15	2.196,2	-0,4	17,5	-0,2	1.601,9	0,0	12,8	0,2
4T15	2.370,6	-0,3	18,3	1,9	1.775,8	0,4	13,7	2,7
1T16	2.203,1	1,3	16,8	4,3	1.596,2	0,9	12,2	3,7
2T16	2.232,7	-0,5	16,4	-1,9	1.640,6	0,3	12,0	-1,2
3T16	2.213,6	0,8	18,0	2,7	1.624,0	1,4	13,2	3,3
4T16	2.343,7	-1,4	18,3	-0,1	1.759,1	-0,9	13,8	0,1
1T17	2.209,8	0,3	16,1	-4,2	1.610,0	0,9	11,7	-3,6
2T17	2.259,7	1,2	17,1	4,3	1.662,6	1,3	12,6	4,4
3T17	2.258,4	2,0	18,4	2,3	1.651,6	1,7	13,4	2,0
4T17	2.427,6	3,6	19,0	3,8	1.825,5	3,8	14,3	4,0
1T18	2.245,6	1,6	17,0	5,4	1.630,8	1,3	12,3	5,0
2T18	2.301,9	1,9	17,0	5,4	1.699,6	2,2	12,4	-0,9
3T18	2.287,6	1,3	18,6	1,1	1.699,6	0,9	13,5	0,7
4T18	2.417,6	-0,4	19,0	-0,4	1.815,9	-0,5	14,2	-0,5
1T19	2.318,0	3,2	17,3	1,8	1.663,0	2,0	12,4	0,6
2T19	2.400,3	4,3	18,4	7,0	1.777,0	4,6	13,6	9,6

Fonte: INE (Encuesta trimestral de coste laboral)

Sociedades mercantís constituídas e disolvidas e ampliacións de capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 3º Trimestre 2019

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	749	107.651,8	-213	-4,7%	-49	-19,2%
Sociedades que ampliaron capital	258	157.909,1	-60	-25,0%	-13	29,4%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

menos dun -5%. Respecto do terceiro trimestre de 2018 tamén se produciu diminución, pero neste caso a redución do capital das empresas constituídas foi porcentualmente maior que a producida no número destas. As sociedades que ampliaron capital, pola súa parte, e pese a diminuír tamén de xeito importante fronte ao segundo trimestre tanto en número como en capital, ampliaron este último respecto do sucedido no terceiro trimestre de 2018.

No terceiro trimestre disolvéronse 197 sociedades mercantís, -30 menos que no trimestre anterior e 21 máis que no terceiro trimestre do 2018. No relativo ás reducións de capital, producíronse en 59 empresas, número moi similar ao rexistrado tanto no trimestre anterior como no mesmo trimestre do ano pasado. Ademais, rexistráronse dous procesos de escisión de empresas, oito de fusión e 48 empresas entraron en situación concursal, dato lixeiramente superior ao do mesmo trimestre de 2018, e inferior case nun 20% respecto do pasado trimestre.

Sociedades mercantís disolvidas, que reducen capital ou en situación concursal, 3º Trimestre 2019

	3T19	2T19	3T18
Sociedades disolvidas	197	327	176
Sociedades que reducion capital	59	62	56
Sociedades en situación concursal	48	57	45

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

No terceiro trimestre do ano comezou a súa andadura a II Edición do Curso de Formación en Negociación Colectiva e Individual no ámbito laboral, organizado en colaboración coa Universidade de Vigo, mentres que o Cursos Superior de Relacións Laborais pechou a súa vixésimo novena e derradeira edición.

No que atinxe ao exercicio da función consultiva sobre normativa laboral, conferida a este Consello pola súa lei reguladora, ao remate do terceiro trimestre do ano viñan de emitirse 27 ditames.

O Consello segue a promover e fomentar a negociación colectiva a través do seu procedemento de solución extraxudicial de conflitos (AGA) que rexistrou a entrada de 65 expedientes ao remate deste trimestre. A porcentaxe de procedementos de mediación e arbitraje aceptados polas partes e pechados con acordo ou laudo arbitral fica ao redor do 85%. Para rematar, e no que se refire na súa labor a prol da negociación colectiva, neste trimestre asinou na sede do Consello o novo Convenio colectivo das empresas do xogo do bingo de Galicia.

Máis información sobre a negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva: <https://www.cgri.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>

Consello Galego de Relacións Laborais

<https://www.cgri.gal/publicacions-2/sociolaboral/boletins/>

Algalia de Abaixo, 24 - 15781 Santiago de Compostela - Teléfono 981 541 601 - Fax 981 541 610

